

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA O DESENVOLVEMENTO NOS CENTROS HOSPITALARIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DUN PROGRAMA FORMATIVO DE PRÁCTICAS COMPLEMENTARIAS DESTINADO AO ALUMNADO DO CICLO MEDIO DE FARMACIA E PARAFARMACIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o instrumento convencional arriba referido entrando en vigor na data da súa sinatura e cunha vixencia de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un marco de colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento dun programa formativo complementario, que se impartirá nos distintos centros sanitarios de Galicia e destinado ao alumnado do Ciclo Medio de Farmacia e Parafarmacia dos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A categoría de persoal técnico en farmacia está regulada polo Decreto 9/2010, de 21 de xaneiro, polo que se crea a categoría estatutaria de persoal técnico en farmacia no ámbito do Servizo Galego de Saúde. Exercen as funcións correspondentes nos servizos de farmacia dos centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Unha das funcións do persoal técnico en farmacia é a de colaborar, baixo a supervisión do persoal farmacéutico, na elaboración e control de calidade das preparacións farmacéuticas, segundo os

procedementos establecidos de acordo coas normas de correcta elaboración e control da calidade. Esta función precisa dunha formación práctica adecuada ás necesidades da práctica farmacéutica na realidade asistencial dos servizos de farmacia dos centros hospitalarios.

É de interese común de ambas as dúas partes establecer as condicións para desenvolver un programa formativo complementario con actividades de farmacia hospitalaria, dirixido ao alumnado dos centros educativos, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do Ciclo Medio de Farmacia e Parafarmacia e que se desenvolverá en centros sanitarios dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.